



O GOBERNO MUNICIPAL DA LARACHA CONTINÚA CONTRATANDO OS SEGUROS DO CONCELLO, SEN CONVOCATORIA PÚBLICA, COA COMPAÑÍA NA QUE O IRMÁN DO ALCALDE É AXENTE EXCLUSIVO

Revisada a Conta Xeral do pasado exercicio do concello da Laracha, atopamos un gasto total en seguros de algo máis de 50.000 euros durante o ano 2016, e vemos como novamente **a práctica totalidade dos seguros son contratados coa compañía na que o irmán do Alcalde é Axente Exclusivo.**

Do montante total dos seguros contratados o ano pasado atopamos **un único pago a outra compañía, por valor de 173,70 euros** (seguro de responsabilidade civil dun obradoiro de emprego), sendo a totalidade do **resto de pagos efectuados á mesma compañía de seguros –máis de 50.000 euros-** na que o irmán do máximo responsable do goberno municipal é **Axente Exclusivo**, e todo isto sen que existise ningunha convocatoria pública.

Desde o BNG da Laracha xa temos denunciado anteriormente esta situación e seguimos demandando que se faga unha convocatoria pública para a contratación da totalidade de seguros do concello, o que probablemente redundaría nun aforro de cartos ás arcas municipais ademais de supór un exercicio de transparencia, e amosamos o noso rexeitamento a que se continúen contratando “a dedo” os seguros de xeito individualizado para cada vehículo, para cada actividade, etc. Contabilizamos un total de 67 pagos por seguros, 66 deles á mesma compañía (a do irmán do Alcalde) e únicamente 1 con outra compañía, durante o ano 2016.

Consideramos que esta actuación do goberno municipal non é ética e mesmo, desde o noso punto de vista, entendemos que se trata dun caso de nepotismo.

A Laracha, 8 de agosto de 2017

Xoán M. Sande Muñiz,
Portavoz do Grupo Municipal do BNG da Laracha